

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 23 OUTUBRO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintetres de Outubro de dous mil seis; a unha do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte e Dona Luísa del Carmen Escudero Centron. Non asiste Don Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 16 de Outubro do dous mil seis (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

#### **LICENZAS OBRAS MAIORES.-**

“Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

#### **1.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

**Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.**

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

#### **EXPTE. Nº: 19/09/2006/4407-OM/305.**

**A BENITO VAZQUEZ GARCIA, Párroco de Sanin, na representación da Diocese de Ourense,** con domicilio en Sanin, para levar a cabo as obras de intervención na igrexa de San Pedro de Sanin segundo o proxecto básico e de execución dos arquitectos Don Manuel Seoane Feijoo e Dona Sonia López Calvo.

#### **2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** Intervención da Igrexa de San Pedro de Sanin.

**Contía na que se orzan as obras:** 28.705 euros.

**Situación e emprazamento das obras:** Sanin.

**Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras:** Don Manuel Seoane Feijoo e Dona Sonia López Calvo.

**Nome ou razón social do promotor:** Diocese de Ourense..

**Prazos:** Os previstos con carácter supletorio polo artigo 197 da Lei 9/2002 que son os seguintes: prazo de inicio non excederá de 6 meses e o de terminación de tres anos, dende a data da notificación do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a 6 meses.

**Liquidación do ICIO:** Atopase exento en virtude a Orde do 5 de xuño de 2001 pola que se inclúe o Imposto de construcións, instalacións e obras na letra B) do apartado 1 do artigo IV do Acordo entre o Estado Español e a Santa Sede sobre asuntos económicos de 3 de xaneiro de 1979.

**Outras condicións:** Consta Anexo de Seguridade e Saúde e Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 20 de xullo pasado. Previo inicio das obras deberá aportar o correspondente encargo de Dirección Técnica.

#### **EXPTE. Nº: 27/09/2006/4509-OM/311.**

**A MIGUELINA AREDA CUIÑAS,** con domicilio na rúa Ramal nº 12, Francelos, para levar a cabo as obras de rehabilitación dunha adega para vivenda unifamiliar nun inmovible sito na rúa Laxas nº 23, Francelos segundo o proxecto básico do arquitecto Don José Benito Davila Fuertes.

**2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** Rehabilitación de Adega para vivenda unifamiliar.

**Contía na que se orzan as obras:** 48.213,20 euros.

**Situación e emprazamento das obras:** Laxas nº 23, Francelos..

**Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras:** Don José Benito Davila Fuertes.

**Nome ou razón social do promotor:** Miguelina Areda Cuiñas..

**Prazos:** Os previstos con carácter supletorio polo artigo 197 da Lei 9/2002 que son os seguintes: prazo de inicio non excederá de 6 meses e o de terminación de tres anos, dende a data da notificación do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a 6 meses.

**Liquidación do ICIO:** Tendo en conta que con data 27.09.06, a interesada abonou en concepto de liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras a contía de 1.253,54 euros, e visto o orzamento que figura no informe técnico e que ascende a 48.213,20 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras, coincidindo a contía coa xa aboada.

**Outras condicións:** Previo inicio das obras deberá presentar no Concello, para o seu informe e comprobación de que se adecúa o proxecto básico presentado, o correspondente Proxecto de Execución e encargos de Dirección Técnica.

**EXPTE. Nº: 31/10/2005/OM/402.**

**A MODESTO PONTES SANCHEZ, na representación de Construcciones Plazuela S.A.,** con domicilio na rúa Xoán XXIII nº 3, 7ºG, Ourense, para levar a cabo as obras de construción dun edificio para vivendas e locais nun inmoible sito na avda. de Redondela (Ref.. Catastral 04.18.9-10 e 13) segundo o proxecto de execución con visado 7 de xullo de 2006 e anexo con visado 29 de agosto de 2006 do arquitecto Don Luís A. Chao Gómez.

**2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** Construción de edificio para vivendas e locais.

**Contía na que se orzan as obras:** 1.109.116,80 euros.

**Situación e emprazamento das obras:** Avda. de Redondela..

**Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras:** Don Luís A. Chao Gómez, Don José Murias Romero e Don Roberto Salgado Blanco.

**Nome ou razón social do promotor:** Construcciones Plazuela S.A..

**Prazos:** Os previstos con carácter supletorio polo artigo 197 da Lei 9/2002 que son os seguintes: prazo de inicio non excederá de 6 meses e o de terminación de tres anos, dende a data da notificación do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a 6 meses.

**Liquidación do ICIO:** Tendo en conta que con data 31.10.05, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras a

contía de 28.837,04 euros, e visto o orzamento que figura no proxecto e que ascende a 1.109.116,80 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras, coincidindo a contía coa xa aboada.

**Outras condicións:** Consta proxecto de instalación de gas redactado por Don Eduardo Magdalena Estevez (visado 3 de xullo de 2006); proxecto técnico de infraestruturas común de Telecomunicacións redactado por Don Mario Reboreda Puime (visado 30/06/06) e Estudio de Seguridade e Saúde redactado por Don José Murias Romero e Don Roberto Salgado Blanco.

Xustificación Aislamento Acústico: Serán esixibles as disposicións regulamentarias sobre aislamento e protección fronte ao ruído, según determina o Art. 25 do Decreto 320/2002, de 7 de novembro, DOGA nº 230, de 28 de novembro de 2002. (Coa Documentación de Fin de Obra).

O proxecto, corresponde a unha unidade completa e autónoma, debéndose manter co seu carácter estable o paso a través de outras fincas, e as posibles incidencias con futuros aproveitamentos deberán resolverse mantendo os gálibos e demais condicións para acceso aos garaxes definidos no presente proxecto.

Urbanización Frontal: Establecerase unha garantía según corresponda administrativamente para responder da urbanización frontal e conexións de instalacións; por un valor de 16.500,00 €.

Segundo a documentación gráfica aportada e segundo consta no expediente administrativo o número de prazas de garaxe é de 53.

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

#### **INFORME DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.-**

“Examinado o expediente promovido por **don José Antonio Álvarez Méndez, na representación de Telefourense Locutorios S.L.**, con domicilio na rúa Juan de Angas nº 5, baixo, Ourense, en virtude da instancia nº6119 de data 6 de decembro de 2005, solicitando licenza municipal para a apertura dun ciberlocutorio no inmovible sito na rúa Progreso nº 13, baixo, deste termo municipal, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado polo Decreto 2.414/1961 do 30 de Novembro.- RESULTANDO: que se cumpriron tódolos trámites de información pública así coma notificacións persoais aos veciños inmediatos incorporando os informes da Delegación Provincial de Sanidade e os informes técnicos municipais.- CONSIDERANDO: que o proxecto técnico en canto a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente, suxeitarase ao informe que emita a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente.- CONSIDERANDO: que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado a zona.- Visto o Decreto nº 2.414/1961 do 30 de Novembro e demais disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda: 1º.- Informar favorablemente a concesión da licenza instada por don José Antonio Álvarez Méndez, na representación de Telefourense Locutorios S.L., para a apertura dun Ciberlocutorio no inmovible sito na rúa Progreso nº 13, baixo, deste termo municipal, xa que no expediente observáronse tódalas prescricións que establece o devandito

Regulamento e disposicións complementarias.- 2º.- Dar traslado do expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, aos efectos previstos no artigo 33 do referido Regulamento en relación coa cualificación da actividade.”

### **CONDICIONS URBANISTICAS.-**

**Expte: RIB/N/73/06.-** Vista a solicitude de **Dona Maria Gloria Madrid Garcia**, con domicilio na rúa Salvador Dalí nº 12, 3ºB, Ourense, no que interesa información urbanística aplicable a un inmovible sito na rúa Ribeiro nº 53, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico, de data 19.10.06, que literalmente di:

#### **“\* Clasificación Urbanística:**

Dado que a normativa de planeamento municipal, NNSSPPMM, publicadas nos BOP nº 239, do 16 de outubro de 1986 e nº 66, do 23 de marzo de 1987 e no D.O.G.A. de 19 de xuño de 1991, non se atopa adaptada á *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; modificada por la Lei 15/2004 de 29 de decembro*, é de aplicación a *Disposición transitoria primeira.- Réxime de aplicación ós municipios con planeamento non adaptado:*

*b) Ó solo urbano dos municipios con planeamento xeral non adaptado á Lei 1/1997, do solo de Galicia, que reúna as condicións establecidas no artigo 12.a) desta lei, aplicaráselle o disposto nesta para o solo urbano consolidado, sen prexuízo de respectar a ordenación establecida no planeamento vixente.*

Por todo o exposto anteriormente, enténdese que os citados terreos están incluídos dentro do Solo Urbano Consolidado, debéndose respectar a franxa de 20 m. de fondo respecto a alineación da Estrada Nnal.-120 que quedarían incluídos dentro do solo Urbano Non Consolidado.

#### **\* Cualificación Urbanística:**

Nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais inclúese a parcela dentro da delimitación do Polígono de Percepción, polo que é de aplicación, ademais da Ordenanza 4.1.RC Residencial Cerrada, que aparece grafiada no Plano de Ordenación, a Ordenanza CD: Centros Diferenciados, que no seu apartado 4.10.2. “Prescripción de ordenacións específicas” dita:

*“As alturas sinaladas nas Ordenanzas anteriores veranse limitadas pola altura máxima de percepción non superable en ningún punto ó obxecto de evitar a presenza dunha cortina que impida a contemplación dos valores arquitectónicos da vila, observados dende a Estrada de Acceso.*

*A tal efecto delimitase un Polígono de Percepción en planos nº 5 dentro do que a edificación, ó nivel da parte superior da cuberta, non superará en ningún punto a rasante da referida estrada...”*

Así mesmo deberán cumprirse o resto de condicións esixidas en toda aquela normativa de obrigado cumprimento.

Adxúntanse fotocopias das Ordenanzas das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais”.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

- “Da Deputación Provincial de Ourense, comunicando altas no servizo de teleasistencia domiciliaria”.

- “Da Delegación provincial da Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, comunicando incoación de expte. Sancionador núm.. 210/06”.

- “Resolución da Secretaria de Estado de Inmigración e Emigración denegatoria da solicitude de axuda para o desenrolo de accións de información socio-laboral e orientación a prol dos españois emigrantes e retornados”.

-“Da Dirección Xeral de Acción Social, Resolución de data 16 de outubro concedendo subvención por importe de 5.170 euros para equipamento informático para servizos Sociais municipais”.

-“ Da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, Resolución de data 18 de outubro pasado, concedendo subvención por importe de 404,57 euros para dotación de equipos para o desenvolvemento dos medios de comunicación social municipal”.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **CONCERTACION DE OPERACION DE TESOURERIA.-**

Examinado o expediente incoado para concertar unha operación de tesourería e achado conforme, en harmonía co informe da Intervención e vistos os artigos 51 e 52 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, de conformidade co acordo plenario de 30 de xuño de 2003, polo que se delega a competencia da contratación de operacións de tesourería na Xunta de Goberno Local cando, pola súa cuantía, excedan dos límites de competencia da Alcaldía-Presidencia, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta a proposta da Alcaldía obrante no expediente, por unanimidade acorda o seguinte:

##### **A C O R D O**

Concertar coa Entidade Financiera : Banco de Santander Central Hispano SA. Red Santander -Ribadavia, un crédito para cubrir desfases transitorios de tesourería por importe de 497.681,55 euros, coas seguintes características.

a) Tipo de interés: Variable: Euribor a 3 meses sen redondeo + 0,40%.

b) Comisión de apertura: 0%.

c) Comisión de non disponibilidad: 0%.

d) Prazo: Un ano.

e) Recursos afectados como garantía: A totalidade dos recursos do Concello de carácter ordinario non comprometidos por outras operacións de préstamo ou crédito, nos termos do artigo 49 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

#### **CONCESION DE SUBVENCIONES.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda conceder a Asociación Cultural Ribadavia Activa-T, pola organización da Noite Meiga, unha subvención de 250 euros.

A concesión das subvencións rexeráse pola Ordenanza Reguladora de Concesión de Subvencións aprobada polo Pleno desta Corporación con data 30 de setembro de 2004, aplicándose supletoriamente a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións. Para o pago das subvencións ou axudas económicas que se poidan conceder polos órganos competentes, con cargo o orzamento, será indispensable xustificar no prazo de TRES MESES a súa aplicación aos fins para os que se houberan concedido, mediante a presentación dos documentos que, suficientemente, así o acrediten, tal como establece a Ordenanza Reguladora de Concesión de Subvencións.”

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda conceder a Asociación Cultural Fraicellus, pola publicación dos “Cuadernos de Ribadavia: Abrente unha aventura teatral”, unha subvención de 150 euros.

A concesión das subvencións rexeráse pola Ordenanza Reguladora de Concesión de Subvencións aprobada polo Pleno desta Corporación con data 30 de setembro de 2004, aplicándose supletoriamente a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións. Para o pago das subvencións ou axudas económicas que se poidan conceder polos órganos competentes, con cargo o orzamento, será indispensable xustificar no prazo de TRES MESES a súa aplicación aos fins para os que se houberan concedido, mediante a presentación dos documentos que, suficientemente, así o acrediten, tal como establece a Ordenanza Reguladora de Concesión de Subvencións.”

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

